

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DE EDUCACIÓN

11426 *Real decreto 860/2010, do 2 de xullo, polo que se regulan as condicións de formación inicial do profesorado dos centros privados para exercer a docencia nas ensinanzas de educación secundaria obrigatoria ou de bacharelato.*

O artigo 94 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, supedita o exercicio da docencia nas ensinanzas de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato a dous requisitos de formación. En primeiro lugar, será necesario ter un título oficial de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto, ou un título de educación superior de graduado, sen prexuízo da habilitación doutras titulacións que, para efectos de docencia, se puideren establecer. Ademais, será necesario estar en posesión dun título oficial de máster que acredite a formación pedagóxica e didáctica de acordo co exixido polo artigo 94 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

As condicións de formación para o exercicio da docencia na educación secundaria obrigatoria e no bacharelato nos centros públicos quedaron establecidas mediante o Real decreto 1834/2008, do 8 de novembro, polo que se definen as condicións de formación para o exercicio da docencia na educación secundaria obrigatoria, o bacharelato, a formación profesional e as ensinanzas de réxime especial, e se establecen as especialidades dos corpos docentes de ensino secundario. A disposición transitoria primeira deste real decreto prevía que, mentres non se actualicen as exixencias de titulación, continuarán a ser de aplicación as contidas na Orde do 24 de xullo de 1995, pola que se regulan as titulacións mínimas que deben posuír os profesores dos centros privados de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e na Orde ECI/759/2008, do 19 de febreiro, que a complementa.

Son varias as razóns que recomentan a revisión da normativa citada. Por un lado, a adecuación á doutrina reiterada do Tribunal Constitucional sobre a vertente formal das bases estatais, que recomenda a elevación do rango da regulación estatal sobre formación inicial do profesorado que revista carácter básico. Por outra parte, o proceso europeo de converxencia educativa carrega a necesidade de revisar as exixencias de formación inicial do profesorado, para avanzar na súa adecuación ás novas titulacións derivadas da implantación progresiva do Espazo Europeo de Educación Superior.

En consecuencia, procede determinar as condicións de formación inicial do profesorado dos centros privados para exercer a docencia de educación secundaria obrigatoria e bacharelato como complemento indispensable para asegurar o mínimo común denominador establecido nas normas legais básicas que determinan a formación inicial do profesorado dos centros públicos.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas a través da Conferencia Sectorial de Educación e informou o Ministerio de Política Territorial. Así mesmo, conta co ditame do Consello Escolar do Estado.

Na súa virtude e por proposta do ministro de Educación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 2 de xullo de 2010,

DISPONGO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto regular as condicións de formación inicial do profesorado dos centros privados para exercer a docencia nas ensinanzas de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato.

Artigo 2. *Requisitos de formación inicial.*

O profesorado dos centros privados poderá impartir as ensinanzas de educación secundaria obrigatoria ou de bacharelato se reúne os seguintes requisitos de formación:

- a) Ter un título de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto, ou un título oficial de educación superior de graduado.
- b) Acreditar unha cualificación específica adecuada para impartir as materias respectivas.
- c) Ter a formación pedagóxica e didáctica a que fai referencia o artigo 100.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Artigo 3. *Acreditación da cualificación específica.*

1. A cualificación específica requirida para impartir as materias de educación secundaria obrigatoria e bacharelato poderase acreditar mediante os seguintes procedementos:

- a) A acreditación dalgunha das condicións de formación inicial exixidas para impartir a correspondente materia que se encontran recollidas no anexo deste real decreto.
- b) A certificación de ter superado a proba a que fai referencia o artigo 21.1 do Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso, accesos e adquisición de novas especialidades nos corpos docentes a que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e se regula o réxime transitorio de ingreso a que se refire a disposición transitoria décimo sétima da citada lei, da especialidade a que está asignada a materia correspondente nos anexos III, IV e V do Real decreto 1834/2008, do 8 de novembro, polo que se definen as condicións de formación para o exercicio da docencia na educación secundaria obrigatoria, o bacharelato, a formación profesional e as ensinanzas de réxime especial, e se establecen as especialidades dos corpos docentes de ensino secundario.

2. A experiencia docente ou da formación de educación superior adecuada para impartir o currículo da materia poderase acreditar mediante algún dos seguintes procedementos:

- a) Experiencia docente consistente na impartición durante, polo menos, dous cursos completos desa materia ou, na súa falta, 12 meses en períodos continuos ou descontinuos, en centros públicos ou privados debidamente autorizados para impartir as ensinanzas de educación secundaria obrigatoria ou bacharelato.
- b) Certificación académica persoal, na cal conste ter superado polo menos 24 créditos ou créditos ECTS de formación, ou, no caso de non figuraren créditos, dous cursos académicos en calquera estudo universitario oficial, de materias relacionadas coa formación que se desexa acreditar. Para estes efectos, os créditos de formación poderán ser utilizados para acreditar a formación inicial para impartir diferentes materias.
- c) Realización de actividades de formación do profesorado, relacionadas con esa materia, dunha duración, no seu conxunto, de polo menos 24 créditos ou créditos ECTS, certificadas pola Administración educativa competente.

Artigo 4. *Formación pedagóxica e didáctica.*

O profesorado que imparta educación secundaria obrigatoria ou bacharelato deberá acreditar a formación pedagóxica e didáctica establecida no artigo 100.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e, por tanto, estar en posesión do correspondente título de máster regulado pola Orde ECI/3858/2007, do 27 de decembro, pola que se establecen os requisitos de verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio das profesións de profesor de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, formación profesional e ensinanza de idiomas.

Artigo 5. *Condicións de formación para exercer funcións de orientación educativa.*

1. Para desenvolver a función de orientación educativa será necesario estar en posesión do título de licenciado en pedagogía, psicoloxía ou en psicopedagogía.

2. Así mesmo, poderán desenvolver a función de orientación educativa aqueles profesores que, con titulación de licenciado ou graduado, acrediten a formación complementaria suficiente que determinen as administracións educativas. En todo caso, deberán acreditar, mediante a formación regulada polas administracións educativas, as competencias necesarias para o desempeño das súas funcións en relación co alumnado con necesidades educativas especiais derivadas de discapacidade.

3. O profesorado de orientación educativa realizará tarefas de orientación e, ademais, poderá desempeñar docencia nas condicións establecidas nos artigos 2 e 3. En ambos os casos se deberá acreditar a formación pedagóxica e didáctica establecida no artigo 100.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e, por tanto, estar en posesión do correspondente título de máster regulado pola Orde ECI/3858/2007, do 27 de decembro.

Artigo 6. *Profesorado de apoio.*

As administracións educativas poderán determinar a cualificación específica que deberán acreditar os mestres, diplomados, licenciados ou graduados para impartiren docencia nos ámbitos de pedagogía terapéutica, audición e linguaxe ou compensación educativa. Esta cualificación comprenderá, en todo caso, as competencias necesarias para o desempeño das súas funcións en relación co alumnado con necesidades educativas especiais derivadas de discapacidade.

Artigo 7. *Programas de diversificación curricular, programas de cualificación profesional inicial e materias optativas.*

1. Os ámbitos dos programas de diversificación curricular e os dos módulos voluntarios dos programas de cualificación profesional inicial previstos no artigo 30.3.c) da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, serán impartidos polo profesorado que reúna os requisitos de formación inicial para impartir calquera das materias que se integran nos citados ámbitos.

2. As administracións educativas regularán os requisitos para a acreditación da cualificación específica adecuada para impartir as materias optativas non reguladas por este real decreto e que formen parte do currículo da educación secundaria obrigatoria ou do bacharelato, así como dos módulos obrigatorios dos programas de cualificación profesional inicial.

Artigo 8. *Administracións con lingua cooficial.*

Corresponde ás administracións educativas das comunidades autónomas con lingua cooficial a determinación da cualificación específica adecuada para impartir a materia de lingua cooficial e literatura e do procedemento para a súa acreditación.

Disposición adicional primeira. *Prórroga da actividade docente.*

O profesorado que, á entrada en vigor deste real decreto, reúna os requisitos exixidos no seu momento para impartir determinadas materias da educación secundaria obrigatoria ou do bacharelato, poderá continuar impartindo esas materias ou os seus equivalentes no novo sistema educativo no mesmo centro ou noutros centros privados.

Disposición adicional segunda. *Docencia de mestres na educación secundaria obrigatoria.*

De acordo co disposto na disposición transitoria primeira da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, os mestres que veñan impartindo os dous primeiros cursos da educación secundaria obrigatoria poderán continuar realizando a mesma función nos postos que veñen ocupando ou incorporarse a outros centros privados.

Disposición adicional terceira. *Ensino de lingua estranxeira en educación primaria.*

O profesorado que reúna os requisitos para impartir docencia de linguas estranxeiras na educación secundaria obrigatoria ou bacharelato poderá, excepcionalmente e por un

tempo limitado, impartir ensinanzas das linguas estranxeiras respectivas na etapa de educación primaria, por extensión e analoxía co disposto na disposición adicional sétima da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Para estes efectos, as administracións educativas deberán fixar no seu ámbito de xestión o tempo máximo durante o cal este profesorado poderá impartir docencia en educación primaria.

Disposición adicional cuarta. *Referencia a títulos de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto e adscrición de titulacións a ramas ou áreas de coñecementos.*

1. Todas as referencias contidas neste real decreto respecto dun título concreto de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto se entenderán estendidas tamén a aqueles títulos universitarios oficiais de graduado da ordenación do ensino universitario oficial establecido no Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, que acrediten a obtención das competencias adecuadas para impartir o currículo da correspondente materia.

2. As referencias contidas no anexo deste real decreto ás distintas áreas dos títulos da anterior ordenación entenderanse referidas á correspondente clasificación contida no anexo do Real decreto 1954/1994, do 30 de setembro, sobre homologación de títulos aos do Catálogo de títulos universitarios oficiais.

3. Nas referencias que se fan no anexo deste real decreto a calquera título de licenciado da área de humanidades ou de ciencias sociais e xurídicas ou a calquera título oficial de graduado da rama de coñecemento de artes e humanidades ou de ciencias sociais e xurídicas, débense entender incluídos os títulos superiores de música, de danza ou de arte dramática (artigos 42.3 e 45.1 da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro) ou os títulos de graduado en música, danza, arte dramática, conservación e restauración de bens culturais, deseño ou artes plásticas, así como os títulos de ciencias eclesiásticas de nivel universitario equivalentes a licenciado ou doutor, recoñecidos para efectos civís e debidamente dilixenciados polo Ministerio de Educación, todo isto de acordo co disposto no Real decreto 3/1995, do 13 de xaneiro, polo que se dá cumprimento ao disposto no Acordo entre o Estado español e a Santa Sé sobre ensino e asuntos culturais en materia de estudos e titulacións de ciencias eclesiásticas.

Disposición adicional quinta. *Profesorado doutros centros.*

O disposto neste real decreto sobre condicións de formación inicial do profesorado será de aplicación ao profesorado dos centros dependentes de administracións distintas das administracións educativas.

Disposición adicional sexta. *Titulacións declaradas equivalentes para efectos de docencia.*

Para impartir as materias de tecnoloxías e tecnoloxía da ESO e tecnoloxía industrial e electrotecnia de BTO, poderán ser admitidos os que, aínda carecendo da titulación exixida con carácter xeral no artigo 2, alínea a), estean en posesión dalgunha das seguintes titulacións: enxeñeiro técnico, arquitecto técnico, diplomado en máquinas navais, diplomado en navegación marítima e diplomado en radioelectrónica naval.

Disposición adicional sétima. *Referencias xenéricas.*

Todas as referencias ao profesorado e a titulacións para as cales neste real decreto se utiliza a forma do masculino xenérico débense entender aplicables indistintamente a mulleres e a homes.

Disposición transitoria primeira. *Acreditación mediante actividades de formación.*

Até o 31 de agosto de 2010, a cualificación específica a que se refire o artigo 3.3.c) poderase acreditar mediante as actividades de formación do profesorado relacionadas coa materia que se vai impartir, dunha duración polo menos de 100 horas, certificadas pola Administración educativa competente, nos termos previstos no artigo 1.4.c) da Orde do 24 de xullo de 1995.

Disposición transitoria segunda. *Acreditación da formación pedagóxica e didáctica.*

1. Os títulos profesionais de especialización didáctica, o certificado de cualificación pedagóxica, o certificado de aptitude pedagóxica, os títulos de mestre, de licenciado en pedagogía e en psicopedagogía e os dos que estean en posesión de licenciatura ou titulación equivalente que inclúa formación pedagóxica e didáctica obtidos antes do 1 de outubro de 2009, acreditarán a formación pedagóxica e didáctica a que se refire o artigo 100.2 da Lei orgánica 2/2006, de acordo co establecido na disposición transitoria oitava da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e na disposición transitoria terceira do Real decreto 1834/2008, do 8 de novembro, polo que se definen as condicións de formación para o exercicio da docencia na educación secundaria obrigatoria, o bacharelato, a formación profesional e as ensinanzas de réxime especial, e se establecen as especialidades dos corpos docentes de ensino secundario.

2. De acordo co establecido na disposición transitoria cuarta do citado Real decreto 1834/2008, aos que acrediten ter impartido, até o termo do curso 2008-2009, docencia durante dous cursos académicos completos ou, na súa falta, 12 meses en períodos continuos ou descontinuos, en centros públicos ou privados de ensino regrado debidamente autorizados, nos niveis e ensinanzas cuxas especialidades docentes se regulan no citado real decreto, recoñeceráselles a dita docencia como equivalente á formación pedagóxica e didáctica establecida no artigo 100.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan a este real decreto e, en particular, as seguintes:

a) A Orde do 24 de xullo de 1995, pola que se regulan as titulacións mínimas que deben posuír os profesores dos centros privados de educación secundaria obrigatoria e bacharelato.

b) A Orde ECI/759/2008, do 19 de febreiro, pola que se complementa a do 24 de xullo de 1995, pola que se regulan as titulacións mínimas que deben posuír os profesores dos centros privados de educación secundaria obrigatoria e bacharelato.

Disposición derradeira primeira. *Carácter básico e título competencial.*

Este real decreto ten carácter básico e dítase ao abeiro do artigo 149.1.30.^a da Constitución, que reserva para o Estado a competencia exclusiva das normas básicas para o desenvolvemento do artigo 27 da Constitución, a fin de garantir o cumprimento das obrigas dos poderes públicos nesta materia.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento normativo.*

O ministro de educación, no seu ámbito de competencias, ditará cantas disposicións sexan precisas para a aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 2 de xullo de 2010.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Educación,
ÁNGEL GABILONDO PUJOL

ANEXO

Condicións para impartir as materias da educación secundaria obrigatoria (ESO) e do bacharelato (BTO)

Materias	Nivel	Condicións de formación inicial
Análise musical. Linguaxe e práctica musical.	BTO	Título superior de música (artigo 42.3 da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro) ou titulacións declaradas equivalentes para efectos de docencia. Título de graduado en música. Licenciado en musicoloxía ou en historia e ciencia da música.
Historia da música e da danza.	BTO	Título superior de música ou de danza (artigo 42.3 da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro) ou titulacións declaradas equivalentes para efectos de docencia. Título de graduado en música ou en danza. Licenciado en musicoloxía ou en historia e ciencia da música.
Anatomía aplicada.	BTO	Título superior de danza (artigo 42.3 da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro) ou ensinanzas declaradas equivalentes para efectos de docencia. Título de graduado en danza. Calquera título de licenciado da área de ciencias experimentais e da saúde ou calquera título oficial de graduado da rama de coñecemento de ciencias da saúde, e acreditar unha experiencia docente ou unha formación superior adecuada para impartir o currículo da materia.
Artes escénicas.	BTO	Título superior de arte dramática (artigo 45.1 da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro) ou titulacións declaradas equivalentes para efectos de docencia. Título de graduado en arte dramática. Calquera título de licenciado da área de humanidades ou das ciencias sociais e xurídicas ou calquera título oficial de graduado da rama de coñecemento de artes e humanidades ou de ciencias sociais e xurídicas, e acreditar unha experiencia docente ou unha formación superior adecuada para impartir o currículo da materia.
Música.	ESO	Licenciado en historia e ciencias da música. Título superior de música (artigo 42.3 da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro) ou titulacións declaradas equivalentes para efectos de docencia. Título de graduado en música. Calquera titulación de licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou graduado, e acreditar estar en posesión do título profesional de música (artigo 42.2 da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, ou artigo 50.1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio) ou o título de profesor regulado no Decreto 2618/1966, do 10 de setembro, de Regulamentación xeral dos conservatorios de música.
Cultura audiovisual.	BTO	Acreditar unha formación superior adecuada para impartir o currículo da materia.

Materias	Nivel	Condicións de formación inicial
Bioloxía e xeoloxía.	ESO/BTO	Calquera título de licenciado da área de ciencias experimentais e da saúde ou calquera título oficial de graduado da rama de coñecemento de ciencias ou de ciencias da saúde, e acreditar unha experiencia docente ou unha formación superior adecuada para impartir o currículo da materia correspondente.
Bioloxía.	BTO	
Ciencias da terra e ambientais.	BTO	
Física e química.	ESO/BTO	Calquera título de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto da área de ciencias experimentais e da saúde ou das ensinanzas técnicas ou calquera título oficial de graduado da rama de coñecemento de ciencias, de ciencias da saúde ou de enxeñaría e arquitectura, e acreditar unha experiencia docente ou unha formación superior adecuada para impartir o currículo da materia correspondente.
Física.	BTO	
Química.	BTO	
Electrotecnia.	BTO	Calquera título de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto da área de ciencias experimentais e da saúde ou das ensinanzas técnicas ou calquera título oficial de graduado da rama de coñecemento de ciencias ou de enxeñaría e arquitectura, e acreditar unha experiencia docente ou unha formación superior adecuada para impartir o currículo da materia.
Ciencias para o mundo contemporáneo.	BTO	Ter as condicións de formación inicial para impartir a materia de bioloxía e xeoloxía ou de física e química.
Ciencias da natureza.	ESO	
Ciencias sociais, xeografía e historia.	ESO	Calquera título de licenciado da área de humanidades ou das ciencias sociais e xurídicas ou calquera título oficial de graduado da rama de coñecemento de artes e humanidades ou de ciencias sociais e xurídicas, e acreditar unha experiencia docente ou unha formación superior adecuada para impartir o currículo da materia correspondente.
Xeografía.	BTO	
Historia de España.	BTO	
Historia do mundo contemporáneo.	BTO	
Historia da arte.	BTO	
Educación ético-cívica.	ESO	Calquera título de licenciado da área de humanidades ou das ciencias sociais e xurídicas ou calquera título oficial de graduado da rama de coñecemento de artes e humanidades, e acreditar unha experiencia docente ou unha formación superior adecuada para impartir o currículo da materia.
Filosofía e cidadanía.	BTO	
Historia da filosofía.	BTO	
Educación para a cidadanía e os dereitos humanos.	ESO	
Historia e cultura das relixións.	ESO	
Educación física.	ESO/BTO	Licenciado en ciencias da actividade física e do deporte, educación física. Licenciado en medicina que acredite estar en posesión do diploma de especialista en medicina deportiva. Calquera titulación de licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou graduado, e acreditar unha experiencia docente ou unha formación superior adecuada para impartir o currículo da materia.

Materias	Nivel	Condicións de formación inicial
Economía.	BTO	Calquera título de licenciado da área das ciencias sociais e xurídicas ou calquera título oficial de graduado da rama de coñecemento de ciencias sociais e xurídicas, e acreditar unha experiencia docente ou unha formación superior adecuada para impartir o currículo das materias.
Economía da empresa.	BTO	
Educación plástica e visual.	ESO	Licenciado en belas artes.
Debuxo artístico.	BTO	Arquitecto.
Debuxo técnico.	BTO	Calquera título de enxeñeiro ou arquitecto da área das ensinanzas técnicas ou calquera título oficial de graduado da rama de coñecemento de enxeñaría e arquitectura ou calquera título de graduado en conservación e restauración de bens culturais, deseño ou artes plásticas, e acreditar unha experiencia docente ou unha formación superior adecuada para impartir o currículo da materia correspondente.
Deseño.	BTO	
Técnicas de expresión gráfico-plástica.	BTO	
Volume.	BTO	
Cultura clásica.	ESO	Calquera título de licenciado da área de humanidades ou calquera título oficial de graduado da rama de coñecemento de artes e humanidades, e acreditar unha experiencia docente ou unha formación superior adecuada para impartir o currículo da materia correspondente.
Grego.	BTO	
Latín.	ESO/BTO	
Lingua castelá e literatura.	ESO/BTO	Calquera título de licenciado da área de humanidades ou calquera título oficial de graduado da rama de coñecemento de artes e humanidades, e acreditar unha experiencia docente ou unha formación superior adecuada para impartir o currículo da materia correspondente.
Literatura universal.	BTO	
Lingua estranxeira.	ESO/BTO	Licenciado en filoloxía, filosofía e letras (sección filoloxía), tradución e interpretación, na lingua correspondente. Calquera titulación de licenciado da área de humanidades ou graduado da rama de coñecemento de artes e humanidades e acreditar unha experiencia docente ou unha formación superior adecuada para impartir o currículo, e o dominio da lingua*.
Matemáticas.	ESO/BTO	Calquera título de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto da área de ciencias experimentais e da saúde ou das ensinanzas técnicas ou calquera título oficial de graduado da rama de coñecemento de ciencias ou de enxeñaría e arquitectura, e acreditar unha experiencia docente ou unha formación superior adecuada para impartir o currículo da materia.
Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais.	BTO	Calquera título de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto da área de ciencias experimentais e da saúde, das ensinanzas técnicas ou das ciencias sociais e xurídicas ou calquera título oficial de graduado da rama de coñecemento de ciencias, de enxeñaría e arquitectura, de ciencias da saúde ou de ciencias sociais ou xurídicas, e acreditar unha experiencia docente ou unha formación superior adecuada para impartir o currículo da materia.
Informática.	ESO	Licenciado ou enxeñeiro en informática.
Tecnoloxías da información e a comunicación.	BTO	Calquera título de enxeñeiro da área das ensinanzas técnicas ou calquera título oficial de graduado da rama de coñecemento de enxeñaría e arquitectura, e acreditar unha experiencia docente ou unha formación superior adecuada para impartir o currículo da materia.

Materias	Nivel	Condicións de formación inicial
Tecnoloxías.	ESO	Calquera título de enxeñeiro, arquitecto ou licenciado da área das ensinanzas técnicas ou de ciencias experimentais e da saúde ou calquera título oficial de graduado da rama de coñecemento de enxeñaría e arquitectura ou de ciencias, e acreditar unha experiencia docente ou unha formación superior adecuada para impartir o currículo da materia correspondente.
Tecnoloxía.	ESO	
Tecnoloxía industrial.	BTO	

* Poderase acreditar o dominio da lingua con:

a) Ter cursado un ciclo dos estudos conducentes á obtención dos títulos de licenciado en filoloxía, filosofía e letras (sección filoloxía), tradución e interpretación, na lingua estranxeira correspondente.

b) O certificado de nivel avanzado ou o certificado de aptitude de escolas oficiais de idiomas da lingua estranxeira correspondente.

c) Calquera certificado que acredite o dominio das competencias correspondentes ao nivel B2 do Marco común europeo de referencia para as linguas no idioma correspondente, no cal se faga constar expresamente ese nivel ou outro superior.